

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES DO DÍA 27 DE MAIO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de maio de 2008, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, por imposibilidade de asistencia de don Felipe Andreu Barallobre.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Isabel Mª Fuentes Torices, interventora accidental.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA

E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2008, sesión ordinaria de 22 de abril e sesión extraordinaria de 12 de maio

Pola secretaria da corporación faise constar que na primeira páxina da acta correspondente ás comisións informativas permanentes do día 25 de marzo de 2008 onde figura que: “Asiste dona M^a Irache Enríque Albaina, interventora municipal”, debe dicir: “Asiste dona Isabel M^a Fuentes Torices, interventora accidental”.

Faise constar, igualmente, que segundo figura na acta correspondente ás comisións informativas do día 22 de abril de 2008, quedou pendente de aprobación o borrador da sesión de 25 de marzo debido ao manifestado por don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, e que se transcribe literalmente: “Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, sinala que as intervencións de don Francisco Javier Varela Tejedor e de dona Carmen Tato Lago, están incompletas, e insistiu en que quedara claro se don Francisco Javier Varela Tejedor coñecía o destino do traballo de don Roberto Naveira, solicitando que sexa recollido este punto na acta, e engadindo que a diverxencia non é co que pon a proposta de borrador da acta senón co que falta nela.”

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, mantiene o manifestado, e solicita se rectifique o borrador da acta.

O Sr. presidente contesta que, tal e como establece o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROM) e o Regulamento orgánico municipal (ROM), recolleuse sucintamente o manifestado por el, polo que está de acordo co recollido na acta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que se non se rectifica, vota en contra da aprobación.

Pola secretaria faise constar que o voto corresponde a don Antón Otero Domínguez, como titular da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, en representación do grupo municipal do BNG.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria a aprobación do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 25 de marzo de 2008. Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, o concelleiro do PP e o concelleiro de EU-IU. Vota en contra o concelleiro do BNG e abstense o concelleiro do GM (PG), polo que, en aplicación do sistema de voto ponderado, queda aprobada.

Non se formulan observacións ao borrador da acta da sesión ordinaria de 22 de abril nin ao borrador da acta da sesión extraordinaria de 12 de maio polo que, a comisión informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Proposta de adhesión ao Grupo de Desenvolvemento Rural – GDR 29

Polo concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego faise un breve resume da proposta de data 23 de maio actual, que somete á consideración do pleno. Di que se trata de algo similar ao Grupo de Acción Local Terra das Mariñas, que vai desaparecer.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, quere facer constar que o programa Leader 2007-2013 inclúe o territorio rural galego e que, respecto de Cambre, quedan fóra os núcleos de Cambre, A Barcala, a parroquia do Temple e o polígono industrial do Espírito Santo.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que xa figura na propia proposta, onde se di que se inclúen no ámbito de actuación todos os concellos de Galicia, coa única excepción do Concello da Coruña, que non conta con territorio rural, e nos 314 concellos restantes só estarán excluídos os núcleos das maiores cidades e os núcleos con máis de 2000 habitantes, así como os parques empresariais situados nos municipios non comprendidos nas zonas de reequilibrio do Plan de reequilibrio territorial de Galicia 2007-2010, polo que, en Cambre, quedan excluídos os núcleos de Cambre e A Barcala, a parroquia do Temple e o polígono industrial do Espírito Santo.

Segue dicindo tamén, que determinados concellos gobernados polo PP amosáronse reticentes e manifestaron que non solicitarán a adhesión a este grupo, pois temen a entrada masiva de colectivos nacionalistas que manipulen a actuación no GDR.

Engade que el, como concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, manifestou que dubidaba de que se fora producir esa manipulación e que, ao seu xuízo, o Concello de Cambre debe adherirse.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo conclúe que o BNG vai votar a prol, pois son recursos dirixidos a colectivos entre os que tamén pode estar o concello, pero aproveita para chamar a atención co fin de que os compromisos que se adquiran se xestionen ben, para que non ocorra como no caso da escola de música.

A comisión, en votación ordinaria, por catro votos a prol correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE, BNG, EU-IU e GM (PG), coa abstención do concelleiro do PP, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Acordar a adhesión do Concello de Cambre como socio do Grupo de Desenvolvemento Rural - GDR 29, que terá a forma de asociación sen ánimo de lucro, segundo a Lei 1/2002 de asociacións de Galicia.

3º Proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos n.º 2/2008, de suplemento de crédito e crédito extraordinario

Don José Venancio Salcines Cristal expón que consta no expediente unha memoria elaborada pola Intervención Municipal atendendo aos gastos máis apremiantes, o mínimo necesario para cumprir co prometido e que xa está asumido.

Segue dicindo que non poden quedar estes temas pendentes ata a aprobación do orzamento debido á súa urxencia, dado que cando se aprobe o orzamento hai que seguir uns trámites que suporían unha demora no tempo importante e, polo tanto, demorárase en exceso o pago.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que o seu partido vaise abster.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que cada día lle sorprende máis o goberno municipal, pois está xustificando o expediente sen máis explicacións que con dúas pinceladas técnicas e ningunha política, cando non asistiu á xunta de voceiros, e foi a propia interventora a que expuxo o asunto, polo que agardaban que se deran máis explicacións.

Conclúe dicindo que por que non se trae o orzamento ao pleno, pois require dos mesmos requisitos que a tramitación deste expediente.

O Sr. alcalde contesta que se trata de facer fronte a compromisos xa adquiridos e que está suficientemente claro na memoria.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que o seu grupo abstense.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que se abstén.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), expón que a estas alturas do ano parécelle fóra de lugar traer este expediente, o que deberían traer é o orzamento pois este expediente implica que se teña que dispor dos 2/3 dos ingresos que poidan quedar, e se se van a aprobar as cousas con estes artificios ao final non será necesario traer o orzamento.

Conclúe dicindo que, independentemente de que haxa temas que hai que solucionar xa, el vai votar en contra, pois sempre se criticou por todos os grupos políticos durante as pasadas lexislaturas que o orzamento se aprobaba en verán, e a estas alturas vai ir máis alá do verán.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que non se están utilizando as 2/3 partes dos ingresos correspondentes a investimentos, pois unha parte do que vai na proposta é gasto

corrente.

A comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol correspondente ao concelleiro do PSdeG-PSOE, un voto en contra do concelleiro do GM (PG) e tres abstencións correspondentes aos concelleiros do PP, BNG e EU-IU, en aplicación do sistema do voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario número 2/2008 por importe de 726.238,46 euros nas partidas orzamentarias seguintes:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
101.452.622	Investimentos en instalacións deportivas	35.000,00	156.260,56	191.260,56
300.441.611	Investimentos en saneamento e abastecemento	485.798,68	29.170,81	514.969,49
400.451.622	Investimentos en edificios culturais	52.000,00	230.551,54	282.551,54
300.432.611	Investimentos en infraestrutura urbana	158.651,09	34.821,93	193.473,02
401.313A.22706	Servizo de axuda a domicilio	57.259,23	90.000,00	147.259,23
200.121.202	Arrendamento oficinas xerais	15.211,77	14.000,00	29.211,77
200.111.489	Grupos municipais	15.000	50.000,00	65.000
	Subtotal	818.920,77	604.804,84	1.423.725,61
Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Crédito extraordinario	Crédito definitivo
400.451.467	Consortio del camino inglés	0,00	300,00	300,00
400.751.467	Plan de dinamización turística	0,00	33.725,62	33.725,62
400.451.48901	Escuela de Baile Sementeira	0,00	7.200,00	7.200,00
101.452.48901	Club Ciclista Cambre	0,00	27.606,00	27.606,00
101.452.48904	Convenio delegación fútbol sala Cambre	0,00	5.200,00	5.200,00
101.452.48905	Convenio agrupación polideportiva: baloncesto	0,00	13.760,00	13.760,00
101.452.48906	Convenio asociaciónes clubs de fútbol	0,00	28.000,00	28.000,00
101.452.48907	Convenio Béisbol Cambre	0,00	2.120,00	2.120,00
301.223.624	Vehículo de protección civil	0,00	3.522,00	3.522,00
	Subtotal		121.433,62	121.433,62
	Total		726.238,46	

Nas que as partidas orzamentarias de investimentos corresponden aos seguintes proxectos:

Partida	Proxecto		Importe
101.452.622	04-2-452000	Campo de fútbol de hierba sintética	156.260,56
300.441.611	08-2-441000	Saneamiento en Pombo, Cobelo, Favás. POS 2008	19.201,03
	08-2-441001	Saneamiento y abastecimiento San Paio e renovación firme. POS 2008	9.969,78
400.451.622	05-2-451000	Escuela de Musica	230.551,54
300.432.611	08-2-432000	Ahorro energético instalación estabilizador O Corgo	34.821,93
301.223.624	08-4-223000	Vehículo de protección civil	3.522,00
		Total	454.326,84

A devandita modificación financiaranse con cargo ao **remanente líquido de tesourería**.

Remanente de Tesourería para gastos xerais total resultante da liquidación de 2007	2.241.012,55
Disposto neste expediente	726.238,46
Cantidade de remanente sobranse	1.514.774,09

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examina-lo e efetua-las reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

4º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 5659 o 23 de maio actual.

1º Rogamos que se nos informe de cando está prevista a posta a disposición dos locais para os grupos da oposición.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que, a partir de mañá, poden recoller a chave no concello.

2º Os concelleiros do PP de Cambre rogamos que se nos informe das viaxes que teñen realizado dende comezos de ano os concelleiros do equipo de goberno no exercicio das súas funcións, cal foi o motivo delas, que lle reportou ao Concello de Cambre e cal foi o importe gastado con cargo ao orzamento municipal de cada un.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que supón que se están refirindo a viaxes que trascenden do meramente local.

Hai unha viaxe de don José Venancio Salcines Cristal a Londres para coñecer o funcionamento e desenvolvemento da feira de Portobello, e unha viaxe de dona Erundina Prado Arcay a Madrid para visitar a feira de Fitur, que supuxo os gastos ordinarios de avión e unha manutención.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, le a solicitude de abono de gastos presentada por don José Venancio Salcines Cristal e que se corresponden a dúas noites de hotel que suman 223,26 libras, e un almorzo de 58,21 libras, o que supón un total de 358,47 euros, e pregunta se esta viaxe non tivo avión e se só houbo un almorzo.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que hai un problema de tradución, e que segundo se ve na factura, refírese a comidas en plural. En canto ao avión, pagouno do seu peto. Fixo a viaxe a Londres por motivos profesionais, e dado que quere converter a feira de Cambre nunha feira de carácter turístico, metropolitana, aproveitando esta viaxe, foi visitar as feiras de Portobello e Camden Town, pois non ía facer unha viaxe só para visitar as feiras. Por iso non pasou máis gastos, pois o avión e o hotel pagouno outra persoa xurídica.

Segue dicindo que alí descubriu que a feira de Camden Town está perdendo peso pois é de carácter textil e ten un público moi novo con baixo nivel de renda. En cambio a de Portobello non ten case nada de textil e si moito de fogar.

En canto á feira de Cambre, agora van aumentar os postos, e serán máis para utillaxe, fogar e alimentación que para textil, pois nestes produtos existe unha forte competencia por parte dos hipermercados.

Conclúe dicindo que, unha vez que tiña que facer a viaxe a Londres, aproveitou para facer esta visita, pero á vista disto, podería ter feito unha viaxe expreso. Pode pasar a don Nicolás, se quere, a minuta dos outros gastos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez dá lectura a unha guía turística onde se refiren ao mercado de Portobello como un territorio de prezos desorbitados asediado por unha avalancha de turistas en busca de Hugh Grant e pequenos rateiros palpando carteiras alleas, e ao mercado de postos ambulantes de Camden como un mercado onde o compulsivo coleccionista de souvenirs pode perderse entre diversas propostas mentres que o seu acompañante poderá agardar nunha corte de 1854 reconvertida en paraíso do vintage (roupa, calzado e complementos) e dos amantes do jazz, e pregúntase a que tipo de turista se corresponde o Sr.Salcines e se atopou a Hugh Grant.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que, en vez de gastar diñeiro nas feiras de Londres, podíase ter quedado en Arzúa, que tamén ten postos de fogar, textil e alimentación, ademais, non fai falta ir a Londres para organizar a feira de Cambre.

3º Rogamos que se nos informe de cada un dos cursos que realizaron con cargo aos orzamentos municipais os funcionarios de carreira ou persoal laboral dependente do concello no último ano, en especial de cal foi o importe de cada un deles.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que lles vai facilitar a relación completa. En total, foron aos cursos 41 funcionarios durante o 2007, co custo correspondente a gastos de quilometraxes, pois son cursos organizados pola Deputación.

Dona M^a Jesús González Roel retira o cuarto rogo.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 5719 o 23 de maio actual.

1ª Recentemente realizouse a entrega de diplomas correspondentes aos cursos do “VIII Plan de formación para o emprego”

Ten coñecemento o goberno municipal da porcentaxe de persoas que, despois de realizar algún dos cursos de formación que imparte o concello, atoparon emprego na mesa especialidade dentro dos seis meses seguintes ao seu remate?

Don José Venancio Salcines Cristal facilita a todos os grupos municipais unha copia do informe e documentación elaborados para o efecto por persoal da axencia de emprego.

En liñas xerais, informa de que o 80 % dos alumnos están traballando. En canto aos cursos, do curso de coidador de comedor traballan o 46 %, en cambio no curso de informática o

26%, polo que nuns casos están contentos cos resultados obtidos e noutros non tanto. En canto ao curso de soldadura, por exemplo, están moi contentos pois acadan emprego practicamente todos os alumnos, como o pode corroborar don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, que levou a concellería na anterior lexislatura.

2ª Os días 6, 7 e 8 de maio traballadoras do concello desprazáronse á cidade de Málaga para asistir ao I Foro do comercio urbano.

Pode informarnos polo miúdo o responsable da área, do interese por parte da Concellería responsable?

Pode informarnos do custo total dos pagamentos pola asistencia ao mencionado foro?

Don José Venancio Salcines Cristal fai entrega aos grupos municipais do informe e demais documentación elaborado por persoal da axencia de emprego. Expón que asistiron ao citado foro dúas técnicas da axencia de emprego, e presentaron un proxecto que teñen en marcha para dinamización comercial do Temple, con tres áreas de actuación: arte na rúa, feiras de Cambre e tapas de Cambre, do que non deron publicidade porque non están seguros aínda. Querían probar, recibir opinións, e iso fíxose en Málaga, onde escoitaron outras experiencias de xestión comercial.

Conclúe dicindo que, a xuízo dos expertos, o proxecto é moi bo e recibiron moitos eloxios, polo que as técnicas de emprego viñeron coa autoestima moi alta e queren levar a cabo o proxecto de dinamización do Temple.

Reitera que non dixeran nada pois non querían levantar expectativas que despois non puideran cumprir. Cando se teña claro xa se verá. O custo total foi de 1974,44 euros.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que están falando de algo que quizais non se vaia realizar, para facer arte na rúa non fai falta ir a Málaga, o que hai que facer é darse unha volta por Cambre e non ir a Málaga a gastar o diñeiro.

Don José Venancio Salcines responde que xa hai actuacións do proxecto que se están realizando, como por exemplo a arte na rúa, que ademais de facerse na feria de Cambre como experiencia piloto, cursaron invitacións aos alumnos da escola de música e ao mellor en xuño se pode empezar no Temple, para potenciar o comercio no Temple.

Segue dicindo que no Temple se moven moitos coches pero a xente non para e é fundamental que a xente, cando pasa pola Tapia, se baixe do coche. Por iso, outra vía de actuación para a dinamización comercial do Temple é a hostelería, que a interpretan como

un instrumento e se pretende, co atractivo das tapas, facer unha ruta. Teñen un cómputo de sete hosteleiros do Temple aos que lles pareceu interesante. Foron á escola de hostelería e están contentos. Por todo iso, conclúe, cren que o diñerio foi ben empregado.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que se a xente non para no Temple un dos motivos é porque non hai aparcamento, e pregunta se se falou cos comerciantes de Cambre, pois ao mellor éntrase nunha competencia. Engade que tamén se pode comprobar a caravana que se fai nos días de feira dende O Temple ata Cambre, e ao mellor o que habería que facer é preparar primeiro as infraestruturas e despois tratar estes temas.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de marzo é sesión ordinaria do día 22 de abril de 2008

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de marzo e sesión ordinaria do día 22 de abril de 2008.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, solicita que na páxina 8 do borrador da acta do día 22 de abril, no rogo primeiro, a intervención non foi feita por el, senón por don Juan Antonio Fernández.

A comisión, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, acordou aprobar o borrador da sesión correspondente ao día 25 de marzo, así como o borrador correspondente ao día 22 de abril coa modificación proposta, neste último, por don Luis Miguel Taibo Casás.

2º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 5660 o día 23 de maio actual.

1º Ante as queixas dos servizos de urxencias do centro de saúde de Cambre debido ás dificultades que teñen para aparcar, rogamos se reserve unha praza de aparcamento para a ambulancia en fronte da casa que teñen á súa disposición.

O Sr. alcalde contesta que a ambulancia ten que estar fronte ao centro de saúde, ademais, os que prestaron a casa non deixan colocala en fronte. Pódese reservar outra praza, non obstante, engade, consultaraos cos donos e cos médicos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, lembra que este tema traeuse dúas veces, e a segunda vez se dixo que o Dr. Louro non quería.

2º A consecuencia das obras de Catro Camiños en Pravio retirouse parte do valo de protección da autoestrada A-9, polo que calquera animal ou persoa podería entrar e causar un accidente. Por este motivo rogamos ao equipo de goberno que realice todas as xestións necesarias para a súa reposición.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que o comunicarán á empresa.

3º Rogamos que se nos informe das xestións realizadas ata o momento para a mellora da seguridade viaria na N-550 ao seu paso por Altamira.

O Sr. alcalde contesta que onte estivo aquí o director provincial de Tráfico. Percorreron a N-550 dende Sigrás ata o Corte Inglés e falouse dos semáforos e tamén da rotonda e a conexión ás autovías. Viuse o proxecto, onde detectaron erros como a falta dun paso de peóns en Enxertos. Cambiaranse os semáforos que no funcionan pero engade, o tema que lle preocupa é o da rotonda.

Conclúe dicindo que quedaron de vir unha vez elaborado o correspondente informe.

4º Ás horas de entrada e saída do instituto David Buján de Sigrás prodúcese un colapso na zona debido a que a xente aparca na estrada, ocupando gran parte da vía, polo que os veciños en ocasións non poden saír das súas casas. Ante as queixas recibidas, rogamos se organicen os medios necesarios para unha maior regulación do tráfico na zona.

O Sr. alcalde contesta que a vindeira semana empezan as beirarrúas e a ver se teñen axentes para ese tema pois é grave.

Dona Mª Jesús González Roel responde que o problema é dentro.

O Sr. alcalde di que o falará coa policía.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 5719 o 23 de maio actual.

1º O taboleiro de anuncios do concello non se atopa nun lugar demasiado axeitado, para poder acceder á lectura dos edictos e demais documentación exposta de carácter público.

Pregamos se instale nun lugar onde se facilite o acceso nas maiores condicións e accesibilidade.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que son conscientes diso. Encargáronse novos taboleiros.

2º A estrada CP-1707 de titularidade da Deputación Provincial, na zona que discorre entre A Castellana e Armental, presenta uns desniveis pronunciados e sen ningún tipo de protección.

O noso grupo prega ao goberno municipal, solicite do organismo provincial a colocación de elementos de seguridade, para evitar danos de accidentes, utilizando os sistemas homologados máis eficaces para o caso de impacto, sobre todo para usuarios de vehículos de dúas rodas.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se solicitará á Deputación Provincial.

3º Fronte o pazo do Conde en Anceis, existen uns terreos, que ben poderían estar acondicionados como un pequeno parque de lecer para nenos e nenas maiores.

Pregamos se leve a cabo o seu acondicionamento para o goce dos veciños/as.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que mañá entra no concello un proxecto para acondicionar esa praza, que vai na mesma liña que a fonte de San Antón, pero esa praza non é municipal, é do conde, e tamén a entrada. Non obstante, non hai problema pois dá o permiso.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que nas Normas subsidiarias, cando se refire ao cruceiro, está como espazo público, e é interesante saber se o terreo é do concello ou non.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que ás veces é difícil determinalo, por exemplo a fonte de San Antón parece que tamén é propiedade do pazo.

Don Manuel Marante Gómez lembra que na pasada lexislatura, cando se tratou este tema, o conde dicía que os terreos son da súa propiedade e impoñía unha serie de esixencias para autorizar o acondicionamento, por iso quedou sen facer. Non se debería gastar diñeiro nos sitios que non sexan públicos, pois pode pasar como en Sta. M^a de Vigo. Habería que conseguir que cedan os terreos.

Dona Erundina Prado Arcay repite que o conde dixo que non hai problema, xa se verá, pero non deben poñerse os problemas agora.

Don Manuel Marante Gómez responde que tampouco houbo problemas cando se puxeron os bancos en Sta. M^a de Vigo, pero os problemas viñeron despois cos herdeiros.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada xunto cos rogos.

1^a Ten coñecemento o concello do estado de deterioración da marquesiña da parada de autobús situada nas inmediacións da Casa das Palmeras?

En caso afirmativo, cando pensa levar a cabo a súa reparación?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que tiveron coñecemento de que a marquesiña sufriu dous golpes, e o concello considera que quen a ten que reparar é a Xunta de Galicia, pois cando ocorreron os feitos a marquesiña non fora entregada ao concello. Estase discutindo este tema coa Dirección Xeral de Transportes, e se ao final non se acada convencer ao citado organismo para que a repare, farao o concello con cargo ao seu orzamento. Considérase que se non houbo recepción formal, as obras de mantemento e reparación corresponden á Xunta.

2^a Que información ten o goberno municipal respecto do posible traslado da oficina de correos, e a conseguinte liberación do espazo nos locais do centro de saúde?

O Sr. alcalde contesta que estivo aquí persoal de correos para que se lles informara de posibles locais. Puxéronos en contacto cos Vilas. Están estudando locais por esta zona, non obstante, engade, preguntará a ver se hai algún máis.

3ª Tendo en conta o dereito que asiste aos veciños/as de dispoñer de espazos libres nas mellores condicións de uso para a súa circulación.

Que medidas adoptou o goberno municipal con relación ao problema de tránsito intensivo de camións pola rúa Francisco Añón?

O Sr. alcalde contesta que non lle consta que haxa problemas. Pedirá á policía que fagan un informe.

Don Juan Antonio Fernández López contesta que xa denunciaron que hai camións que pasan como se fora unha autoestrada. Hai un so carril cando é de dobre sentido, está embarrada a maior parte do tempo, e calquera día haberá un accidente.

4ª Que información ten o goberno municipal sobre os motivos do abandono da empresa que estaba efectuando as obras na rede de saneamento de Anceis?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que o director da obra fixo un informe. Detectou fallos na obra e comunicouse á empresa, que retirou a maquinaria sen consentimento do concello. Agora están agardando ao informe dos técnicos, pero a obra, dunha maneira ou doutra, vai continuar.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de marzo é sesión ordinaria do día 22 de abril de 2008

Pola secretaria faise constar que segundo figura na acta correspondente ás comisións informativas do día 22 de abril de 2008, quedou pendente de aprobación o borrador da sesión de 25 de marzo debido ao manifestado por don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, e que se transcribe literalmente: “Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, sinala que as intervencións de don Francisco Javier Varela Tejedor e de dona Carmen Tato Lago, están incompletas, e insistiu en que quedara claro se don Francisco Javier Varela

Tejedor coñecía o destino do traballo de don Roberto Naveira, solicitando que sexa recollido este punto na acta, e engadindo que a diverxencia non é co que pon a proposta de borrador da acta senón co que falta nela.”

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, mantén o manifestado e solicita se rectifique o borrador da acta.

Dona Carmen Tato Lago contesta que está de acordo co recollido na acta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que se non se rectifica, vota en contra da aprobación.

Pola secretaria faise constar que o voto corresponde a dona Gumersinda Becerra Montes, como titular da Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá, en representación do grupo municipal do BNG.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria a aprobación do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 25 de marzo de 2008. Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, o concelleiro do PP e o concelleiro de EU-IU. Vota en contra o concelleiro do BNG e abstense o concelleiro do GM (PG), polo que, en aplicación do sistema de voto ponderado, queda aprobada.

Non se formulan observacións ao borrador da acta da sesión ordinaria de 22 de abril nin ao borrador da acta da sesión extraordinaria de 12 de maio polo que, a comisión informativa, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que quedaron gratamente sorprendidos polo publicado en prensa respecto dunha viaxe ao balneario da Toxa para maiores de 65 anos, pero non se fala de baremos á hora da adxudicación, etc., polo que lles gustaría saber, se non hai inconveniente en contestar agora, como se vai facer a selección, cal é a subvención, etc.

Dona Carmen Tato Lago contesta que hai unha subvención da Deputación por importe de 3600 euros que debe ser destinada a temas terapéuticos. Contactou co balneario e puxéronlles un bo prezo, 60,50 euros, que inclúe estancia, almuerzo bufé e circuito termal. En

canto a selección, será por orde de presentación, e se hai máis solicitudes que prazas, farase por sorteo.

Conclúe dicindo que esta información non se deu á prensa de forma oficial, pois hai que estudar con Intervención o tema do prezo público.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Francisco Javier Varela Tejedor

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia